

# GALIZA FORA DE SI

## A VIDA DA NOSA CULTURA FORA DO PAIS (1950-1980)

### FACER E CONTAR

Desde en 1950, nunha sala do Hotel Compostela, de Santiago, se constituiu a editorial Galaxia, a cultura galega sofreu tantos avatares, tantas aventuras, que, para as xerazóns máis novas, a maior parte daqueles acontecementos están nimbados pola néboa misteriosa da historia, a cal, se por unha parte os destaca cun relevo que os estiliza,

despoxando-os do inesencial, por outra os envolve na penumbra do alongado: de xeito que os que vivemos día a día aqueles feitos, ollamos cunha estraña sensación de recoñecemento e descoñecemento asemade, a proxección dos mesmos na pantalla das mentes que os coñecen através de tradicións e documentos.

A vivencia directa e a sabencia histórica teñen inevitabelmente unha tonalidade diversa, porque no segundo caso é imposible que esten presentes todos os armónicos que acompañaron a execución da sinfonía real.

A reducir o espazo que afasta o acontecemento do relato, a realidade da historia, contribuen as memorias dos testemuñas, que, ponte entre as dúas bandas desa ampla ría de tempo, traspasan anacos do vivido á beira do contado, sendo esa ponte do metal ligado do acontecer e do relatar. Centauros de actores e cronistas somos todos os que falamos dun pasado que en parte conformamos ou presenciámos nós mesmos.

### GALIZA FORA DE SI

A cultura galega ten-se refuxiado durante estes anos, nalgunha ocasión, en territorios onde non podía persegui-la a suspicacia do poder político. Onde non podía persegui-la ou onde persegui-la lle resultaria máis incómodo. Un deses refuxios foi o Reino da Saudade. Polos anos cincuenta, a saudade puxo-se de moda na cultura galega. Mais por moi nefelibatas que pareceran os escritores que especulaban sobre ese sentimento, tropezaron ao cabo coa cólera da corespondente autoridade estatal. Máis seguro era o refuxio alén das fronteiras do Estado, e isto explica que unha boa parte de actividades culturais galegas se realizaran fora de Galiza nos primeiros anos do período de que estamos falando. Fora de Galiza e fora de España publicaron-se, pois, algus importantes libros, ditáron-se algunhas notabeis conferencias e mesmo celebráron-se algus resoantes congresos que a censura ideolóxica non permitiu ou non permitiría que tivesen como escenario a metrópole. Mais non tencionamos presentar como máis dura do que foi a actitude oficial perante a nosa cultura. Aquí, unha vez establecidos os norteamericanos nas bases que obtiveron a troca dunha substancial axuda económica, xa non foi posíbel a total proscripción da cultura galega, e, mentres esta non se presentase enfardada en explícito indumento de oposición ao réxime, achou ao cabo tolerancia que posibilitou, coa mesma fundación da editorial Galaxia, a publicación de importantes libros galegos. Aos poucos, foron tamén posíbeis celebracións de actos académicos nos que o galego soaba. Afinal, a permisividade acentuou-se. Non é menos

certo, secomasi, que nas colonias galegas de América, desde Nova York a Buenos Aires, pasando por México, La Habana, Caracas e Montevideo, viveu e vibrou a nosa cultura, en forma de publicación de textos e exposicións de doutrinas e obras, durante unha etapa na que na propia metrópole estaba cause asfixiada. Logo, se non practicamente exclusiva, continuou sendo moi importante a actividade cultural galega fora de Galiza.

### GALIZA EN AMERICA

En primeiro termo, nas colonias galegas de América, xa citadas. Os exiliados dominaron xeralmente esa actividade, como era de esperar, porque algus deles eran figuras destacadas das nosas letras. Castela, en Nova York, en La Habana, en Buenos Aires, deixou o calco poderoso da sua personalidade. En Buenos Aires estrenou *Os vellos non deben de namorar-se*, e ali mesmo se editaron as suas *Crúces de pedra na Galiza*. Buenos Aires, onde vivían Castela, Seoane, Alonso Rios, Blanco Amor, Emilio Pita e tantos outros distinguidos galegos, foi o centro da actividade cultural máis importante, sen que podamos esquecer outros centros urbanos da República Arxentina, como La Plata e Tucumán, onde soou tamén moi alto o noso acento. O labor editorial do Centro Galego e as xornadas patrióticas que anualmente organiza, callaron en ocasións en magníficos froitos. Mais os Patronatos culturais galegos de México e Montevideo, cidades onde tamén se asentaron distinguidos intelectuais, así como a illa de Cuba, que na sua capital contaba cun Centro Galego de tanta tradición, realizaron igualmente un eficaz labor de fomento da cultura galega. Caracas chegou a ser asimismo peza capital no desenvolvemento desa cultura en América.

### GALIZA EN EUROPA

Cando se orientaron aos centros industriais europeos as roitas da emigración, os núcleos de galegos estabelecidos en Suíza, Francia, Bélxica, Holanda, Alemaña e Inglaterra propiciáron tamén a exaltación da nosa cultura nos lugares da sua residencia. Ao mesmo tempo, os profesores universitarios da nosa estirpe que traballaban en centros universitarios europeos, souberon suxeir e realizar colóquios e conferencias que acoaron a nosa voz en prestixiosas cadeiras. Emisións rádiarias como as da B.B.C. de Londres e as sostidas nas terras do Mar da Plata entre outras, contribuíron poderosamente ao espallamento polo mundo dos nosos valores culturais.

### O MUNDO GALEGO-PORTUGUES

A fronteira política do Miño non pudo afastar definitivamente os valores espirituais dunha e outra banda. Portugal e o Brasil son terras sempre dispostas a acoller as embaixadas culturais que Galiza envíe. O galego-portugués, que mantén a sua unidade substancial, fai daqueles eidos campo natural de difusión da nosa literatura, e a aproximación da ortografía galega á portuguesa, ensaiada en libros de Bouza Brey e Guerra Dacal, entre outros, facilitaria grandemente a conquista dun

mecado de lectores necesario para dar pulo universal a unha produción que, enfeudada á ortografía castelá e celosamente confinada a un recinto rexional como variante dunha grande literatura española expresada na lingua de Cervantes, se vería inexorablemente condenada a unha vida apendicular e parasitaria, domesticada e subalterna, compartida no mesmo país que a sustenta coa literatura en lingua estatal e limitada así inevitabelmente a un número de lectores anacronicamente reducido. Os congresos galego-portugueses, as visitas de profesores galegos ou outros intelectuais ás Universidades do mundo luso-brasileiro, as coedições e os intercambios e colaboracións dentro do mundo que fala o romance hispánico occidental, foron nestes trinta últimos anos instrumentos e ocasión moi calificados de expansión e oxixenación da nosa cultura.

### GALIZA EN ESPAÑA

En fin, se as roitas da emigración e as dos países aos que Galiza deu a lingua e os fundamentos culturais, así como as dos que os recibéron de nós indirectamente ao través do portugués, son as vías naturais polas que os valores espirituais galegos poden espallar-se, contrastar-se e promover-se coa dimensión que aos nosos tempos corresponde, tampouco sería lóxico esquecer a integración do noso país no Estado español, ueque fai das outras terras que o compoñen zona de difusión da galegitude á que non podemos renunciar. En primeiro termo, en Madrid, Barcelona, Zaragoza, Bilbao e outros moitos lugares de España hai

importantes colonias galegas que se organizaron en sociedades que manteñen un ininterrompido contacto cultural con Galiza. Moitos centros galegos desas e outras localidades teñen sido tribunas para voces galegas moi autorizadas, e

teñen organizado certames literarios que fomentan a nosa produción. Algunhas das obras máis resoantes destes anos foron coñecidas como consecuencia de seren premiadas neses concursos. De por parte, o coñecemento das culturas peninsulares semella que obriga moralmente —desexariamos que legalmente— a todos os habitantes da Península.

### INVITACION AO ESTUDO

Non é o noso cometido facer o inventario das realizacións xenericamente apuntadas nos distintos sectores do campo demarcado. Iso constituiría un útil traballo de erudición, para o que non faltan precedentes parciais. Mostras de libros, de plástica, concertos musicais, representacións teatrais, edicións de libros, revistas, espazos radiotelevisivos, conferencias, congresos... Todo debidamente ordenado e clasificado, por datas, lugares e materiais, pode constituir un traballo de investigación e catalogación sumamente útil, que, se for comentado e ilustrado debidamente, podería revestir a forma cunha memoria de licenciatura ou tese doutoral propia para ser redactada e lida na nosa Universidade. Así teríamos información concreta sobre un capítulo realmente importante do desenvolvemento moderno da nosa cultura.

Ricardo CARBALLO CALERO

LIBREIRIA XERAL  
LIBROS E MATERIAL  
PRO ENSINO  
XOGUETES EDUCATIVOS  
MATERIAL DE DIBUXO  
OBXETOS DE ESCRITORIO



LIBREIRIA-PAPELEIRIA

STYLO

OURENSE

VENTAS DETALL: c/. C. Eloy, 20  
Sucursal, Xral. Franco, 27  
VENTAS MAIOR: Rúa Nueva, 27 - Telf. 227680

# GALIZA FORA DE SI

## A VIDA DA NOSA CULTURA FORA DO PAIS (1950-1980)

### FACER E CONTAR

Desde en 1950, nunha sala do Hotel Compostela, de Santiago, se constituíu a editorial Galaxia, a cultura galega sufriu tantos avatares, tantas aventuras, que, para as xerazóns máis novas, a maior parte daqueles acontecementos están nimbados pola néboa misteriosa da historia, a cal, se por unha parte os destaca cun relevo que os estiliza,

despoxando-os do inesencial, por outra os envolve na penumbra do alongado: de xeito que os que vivemos día a día aqueles feitos, ollamos cunha estraña sensación de recoñecemento e descoñecemento asemade, a proxección dos mesmos na pantalla das mentes que os coñecen através de tradicións e documentos.

A vivencia directa e a sabencia histórica teñen inevitabelmente unha tonalidade diversa, porque no segundo caso é imposible que estén presentes todos os armónicos que acompañaron a execución da sinfonía real.

A reducir o espazo que afasta o acontecemento do relato, a realidade da historia, contribuen as memorias dos testemuñas, que, ponte entre as dúas bandas desa ampla ría de tempo, traspasan anacos do vivido á beira do contado, sendo esa ponte do metal

certo, secomasi, que nas colónias galegas de América, desde Nova York a Buenos Aires, pasando por México, La Habana, Caracas e Montevideo, viveu e vibrou a nosa cultura, en forma de publicación de textos e exposicións de doutrinas e obras, durante unha etapa na que na propia metrópole estaba cause asfixiada. Logo, se non practicamente exclusiva, continuou sendo moi importante á actividade cultural galega fora de Galiza.

### GALIZA EN AMERICA

En primeiro termo, nas colónias galegas de América, xa citadas. Os exiliados dominaron xeralmente esa actividade, como era de esperar, porque algúns deles eran figuras destacadas das nosas letras. Castelao, en Nova York, en La Habana, en Buenos Aires, deixou o calco poderoso da súa personalidade. En Buenos Aires estreou *Os vellos non deben de namorar-se*, e ali mesmo se editaron as súas *Cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires, onde vivían Castelao, Seoane, Alonso Ríos, Blanco Amor, Emilio Pita e tantos outros distinguidos galegos, foi o centro da actividade cultural máis importante, sen que podamos esquecer outros centros urbanos da República Arxentina, como La Plata e Tucumán, onde soou tamén moi alto o noso acento. O labor

meado de lectores necesario para dar pulo universal a unha produción que, enfeudada á ortografía castelá e celosamente confinada a un recinto rexional como variante dunha grande literatura española expresada na lingua de Cervantes, se vería inexorablemente condenada a unha vida apendicular e parasitaria, domesticada e subalterna, compartida no mesmo país que a sustenta coa literatura en lingua estatal e limitada así inevitabelmente a un número de lectores anacronicamente reducido. Os congresos galego-portugueses, as visitas de profesores galegos ou outros intelectuais ás Universidades do mundo luso-brasileiro, as coedicións e os intercambios e colaboracións dentro do mundo que fala o romance hispánico occidental, foron nestes trinta últimos anos instrumentos e ocasión moi cualificados de expansión e oxixenación da nosa cultura.

### GALIZA EN ESPAÑA

En fin, se as roitas da emigración e as dos países aos que Galiza deu a lingua e os fundamentos culturais, así como as dos que os recibéron de nós indirectamente ao través do portugués, son as vías naturais polas que os valores espirituais galegos poden espallar-se, contrastar-se e promover-se coa dimensión que aos nosos tempos corresponde, tampouco sería lóxico esquecer a integración do noso país no Estado español, ueque fai das outras terras que o compoñen zona de difusión da galeguidade á que non podemos renunciar. En primeiro termo, en Madrid, Barcelona, Zaragoza, Bilbao e outros moitos lugares de España hai

importantes colónias galegas que se organizaron en sociedades que manteñen un ininterrompido contacto cultural con Galiza. Moitos centros galegos desas e outras localidades teñen sido tribunas para voces galegas moi autorizadas, e

teñen organizado certames literarios que fomentan a nosa produción. Algunhas das obras máis resoantes destes anos foron coñecidas como consecuencia de seren premiadas neses concursos. De por parte, o coñecemento das culturas peninsulares semella que obriga moralmente —desexariamos que legalmente— a todos os habitantes da Península.

### INVITACION AO ESTUDO

Non é o noso cometido facer o inventario das realizacións xenericamente apuntadas nos distintos sectores do campo demarcado. Iso constituiría un útil traballo de erudición, para o que non faltan precedentes parciais. Mostras de libros, de plástica, concertos musicais, representacións teatrais, edicións de libros, revistas, espazos radiotelevisivos, conferencias, congresos... Todo debidamente ordenado e clasificado, por datas, lugares e materiais, pode constituir un traballo de investigación e catalogación sumamente útil, que, se for comentado e ilustrado debidamente, podería revestir a forma cunha memoria de licenciatura ou tese doutoral propia para ser redactada e lida na nosa Universidade. Así teríamos información concreta sobre un capítulo realmente importante do desenrolo moderno da nosa cultura.

Ricardo CARBALLO CALERO

contado, sendo esa ponte do metal ligado do acontecer e do relatar. Centauros de actores e cronistas somos todos os que falamos dun pasado que en parte conformamos ou presenciámos nós mesmos.

## GALIZA FORA DE SI

A cultura galega ten-se refuxiado durante estes anos, nalgunha ocasión, en territorios onde non podía persegui-la a suspiciá do poder político. Onde non podía persegui-la ou onde persegui-la lle resultaría máis incómodo. Un deses refúxios foi o Reino da Saudade. Polos anos cincuenta, a saudade puxo-se de moda na cultura galega. Mais por moi nefelibatas que pareceran os escritores que especulaban sobre ese sentimento, tropezaron ao cabo coa cólera da corespondente autoridade estatal. Máis seguro era o refúxio alén das fronteiras do Estado, e isto explica que unha boa parte de actividades culturais galegas se realizaran fora de Galiza nos primeiros anos do período de que estamos falando. Fora de Galiza e fora de España publicaron-se, pois, alguns importantes libros, ditaron-se algunhas notabeis conferencias e mesmo celebraron-se alguns resoantes congresos que a censura ideolóxica non permitiu ou non permitiría que tivesen como escenario a metrópole. Mais non tencionamos presentar como máis dura do que foi a actitude oficial perante a nosa cultura. Aquí, unha vez establecidos os norteamericanos nas bases que obtiveron a troca dunha substancial axuda económica, xa non foi posíbel a total proscripción da cultura galega, e, mentres esta non se presentase enfardada en explícito indumento de oposición ao réxime, achou ao cabo tolerancia que posibilitou, coa mesma fundación da editorial Galaxia, a publicación de importantes libros galegos. Aos poucos, foron tamén posíbeis celebracións de actos académicos nos que o galego soaba. Afinal, a permisividade acentuou-se. Non é menos

moi alto o noso acento. O labor editorial do Centro Galego e as xornadas patrióticas que anualmente organiza, callaron en ocasións en magníficos froitos. Mais os Patronatos culturais galegos de México e Montevideo, cidades onde tamén se asentaron distinguidos intelectuais, así como a illa de Cuba, que na sua capital contaba cun Centro Galego de tanta tradición, realizaron igualmente un eficaz labor de fomento da cultura galega. Caracas chegou a ser asimesmo peza capital no desenrolo desa cultura en América.

## GALIZA EN EUROPA

Cando se orientaron aos centros industriais europeos as roitas da emigración, os núcleos de galegos estabelecidos en Suíza, Fráncia, Bélxica, Holanda, Alemaña e Inglaterra propiciaron tamén a exaltación da nosa cultura nos lugares da sua residencia. Ao mesmo tempo, os profesores universitarios da nosa estirpe que traballaban en centros universitarios europeos, souberon suxerir e realizar colóquios e conferencias que acoaron a nosa voz en prestixiosas cadeiras. Emisións rádiiais como as da B.B.C. de Londres e as sostidas nas terras do Mar da Plata entre outras, contribuíron poderosamente ao espallamento polo mundo dos nosos valores culturais.

## O MUNDO GALEGO- PORTUGUES

A fronteira política do Miño non pudo afastar definitivamente os valores espirituais dunha e outra banda. Portugal e o Brasil son terras sempre dispostas a acoller as embaixadas culturais que Galiza envie. O galego-portugués, que mantén a sua unidade substancial, fai daqueles eidos campo natural de difusión da nosa literatura, e a aproximación da ortografía galega á portuguesa, ensaiada en libros de Bouza Brei e Guerra Dacal, entre outros, facilitaria grandemente a conquista dun